

Abre o aparcamento público de "Granitos"

Páxina IV

O Goberno afronta a fase final do PXOM adaptado ás esixencias da Xunta

Páxina V

Aprobado no pleno o proxecto de reforma da Praza Bugallal

Páxina VII

Exitosa Romaría da Picaraña 2019

Páxina XI

O auditorio cheo na Gala da Lamprea en Arbo

Páxina XIV

Mondariz mellora a mobilidade e seguridade viaria no centro urbano

Páxina XVI



Ponteareas compra parte do edificio da Seguridade Social

Páxina VII

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres



Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO/PARADANTA

Por Guillermo Rodríguez

Marta Valcarcel, candidata do PP á Alcaldía de Salvaterra de Miño

“Son unha persoa comprometida e con experiencia para pilotar Salvaterra”

Como ben ela di leva unha ducia de anos como segunda de abordo do xa “hitorico” alcalde Arturo Grandal. Sempre resulta difícil substituír ás persoas que estiveron a fronte dunha institución e que a consideraban como da súa propiedade. Sen embargo Marta Valcarcel

dinos que ela ten a súa propia folla de ruta e que está disposta a traballar arreo polo Benestar dos veciños de Salvaterra. Con fé e traballo sempre foi máis doado enfrontarse aos desafíos; o que a ela lle espera non é pequeno, precisamente. Esperamos que os idus de maio lle sexan propicios.

1/ Breve curriculum profesional e político.

Son Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Vigo.

Fofo parte do Equipo de Goberno do Concello de Salvaterra de Miño dende o ano 2007 como Tenente Alcalde e Concelleira de Cultura, Educación, Muller, Servicios Sociais, Xuventude, Comercio e Turismo.

2/ Logo dun tempo como acompañante dun “piloto veterano” agora tenta pilotar o vehículo do concello de Salvaterra en solitario. Como está de ánimos nesta nova xeira?

Encóntrome forte e con moitísimas ganas e ilusión, encántame o meu traballo!!! Levo 12 anos traballando para os meus veciños, xa me coñecen, saben que son unha persoa comprometida e con experiencia. Se os veciños e veciñas me dan a súa confianza e apoio para ser Alcaldesa seguirei traballando, como ata agora, para que Salvaterra de Miño siga sendo unha referencia en Galicia, para que os salvaterrenses teñan unha mellor calidade de vida.

3/ Vde. vai substituír á fronte do PP a un “vello rokeiro” que como se di vulgarmente, que case lle naceron os dentes na política. Que estratexia ten preparada para facerse “coa parroquia” do actual alcalde Arturo Grandal?

Creo que é imprescindible escoitar aos teus veciños, as

súas necesidades diarias, sexan grandes ou pequenas, e intentar solucionarlas o antes posible, porque se para eles é importante para nos tamén. Seguiremos apostando por unha mellor calidade de vida para os salvaterrenses, algo que creo que nos diferencia e que fixo que o noso municipio crecese, pero sen esquecermos que a creación de emprego é tamén unha parte moi esencial na vida dunha persoa.

4/ Salvaterra é un concello que sufriu un forte impulso nos últimos tempos, aínda que nalgúns casos no fora o positivo que se esperaba. Que proxectos pretende continuar e qué novos poñer en marcha se os veciños lle dan o seu apoio?

É verdade que o Casco urbano creceu moito en poboación nos últimos anos. Foron moitas as persoas doutros Concellos que decidiron vir a vivir aquí porque encontraron algo que non tiñan nos Concellos nos que residían, unha mellor calidade de Vida. Somos un Concello con beirarrúas anchas, con máis de 1.000 árbores plantados, co Parque Público A Canuda, máis de 27km de sendas polos nosos Ríos, premiamos aos nosos mellores estudantes a través das Becas de Estudio con viaxes a Inglaterra e equipos informáticos, comprouse e rehabilitouse as murallas, Castelo, Casa do Conde. O Museo da ciencia do Viño, uns dos mellores de España. Temos unha programación Cultural variada, ampla e de calidade. Gardería, Escolas Depor-

tivas, Escola de Música, un tecido asociativo moi vivo e activo. Estamos rematando a zona das Termas de Teans. Fixemos catro fontes no Casco, aforrándolle unha parte importante de diñeiro que lle vale para pagar parte dos impostos municipais, que son dos máis baixos do Sur de Galicia.

As parroquias:

Se comparamos o que se fixo no conxuntos das parroquias cos Concellos da Comarca, as nosas teñen en xeral moitos máis servizos, mellores alumeados públicos, pistas asfaltadas, abastecemento público de auga, servizo WIFFI gratuito nas súas vivendas, 27 km de sendas verdes, 12 Casas de Cultura e axudouse a arranxar e reformar o resto, 9 pistas polideportivas, 7 escolas unitarias, 24 parques infantís, 5 parques biosaudables, 3 campos de fútbol, temos un Pavillón en Leirado, senda peonil en Oleiros e Fiolledo e en breve empezarán as obras da senda a Fillaboa e a Zacoteiras. Invertimos en saneamento en Porto, Arantei, Cabreira, Alxén, Pesqueiras, Lourido, Fornelos, couto, Ermitas, Casal, Outeiro, Fiolledo, Corzáns, Soutolobre, Leirado e Meder e temos o compromiso por escrito da Xunta para a construción da Depuradora do río Mendo e o saneamento en Oleiros. Estamos realizando o proxecto de Depuración e saneamento para Uma, Vilacoba e Lira. En xeral, se comparamos as nosas parroquias podemos ver claramente que temos mellores servizos.



O mellor proxecto é que Salvaterra siga crescendo, e para iso presentamos un paquete de medidas ambiciosas e realistas, enfocadas aos nosos maiores, a nosa xuventude, a medidas de conciliación, a turismo, a medio ambiente, a deporte e servizos. As obras máis importantes serán a ampliación da Gardería, a rehabilitación do antigo Concello para a Biblioteca Municipal, o Centro Social para maiores, a posta en marcha do Proxecto Europeo “Río Miño Navegable”, a rehabilitación da Sindical para Casa da Música, un Plan de protección dos Castro de Soutolobre e Lourido. Queremos empezar coa construción dun auditorio. Axudaremos a rehabilitar a Capela do Castelo e crearemos a Ruta dos Penedos. Seguiremos invertindo en saneamento e traballaremos na concienciación dunha Salvaterra en Verde, firmando un convenio cos establecementos para suprimir as bolsas de plástico e subvencionarase

a compra de bicicletas aos nosos veciños@s.

5/ Como tantos concellos pequenos, Salvaterra non dispón dun Plano Xeral de Urbanismo (PXOU). Está disposta a poñelo en marcha se resulta elixida Alcaldesa?

Sempre e cando non se prexudique as nosas parroquias, si, falaremos coa Xunta de Galicia.

6/Dígalle aos votantes de Salvaterra por qué deberán darlle o seu apoio nesta nova xeira que comeza.

Porque creo que Salvaterra ten moito futuro e estou orgullosa da senda que leva recorrido. Son unha persoa con experiencia, traballadora, que non vos defraudarei, sei escoitar para buscar solucións, terei a miña porta aberta para recibir aos meus veciños e o meu teléfono aberto as súas chamadas, como levo feito ata agora. Gústame estar en contacto directo cos veciños e intentar darlle solucións aos seus problemas no momento.

SALVATERRA DE MIÑO

O PSOE de Salvaterra presenta a súa candidatura ás municipais

O pasado 1 de maio deuse a conocer a lista do PSOE encabezada por Rocío Bernárdez á alcaldía de Salvaterra.

O grupo o forman un conxunto de 12 mulleres e 11 homes de distintos ámbitos no que se combina a xuventude coa experiencia por unha banda, e a militancia no partido socialista con xente independente que simplemente quere traballar polo cambio en Salvaterra.

Encabezan a candidatura, xunto a candidata, os actuais concelleiros Anselmo Domínguez e María Pérez, os que lles seguen Felipe González, estudante de economía, natural da parroquia de Meder, Silvia Serodio, graduada social, natural do barrio do Casal, séguelle Felix Gonzalez, xestor público e veciño da parroquia de Oleiros,



Paz Gonzalez de Alxen, veterana das filas socialistas de Salvaterra ao igual que José Luis Vilas de Leirado, Fátima Alves de Fornelos e a sempre incombustible Manuela Rodriguez de Pesqueiras.

Son persoas preparadas e comprometidas con Salvaterra, cargadas de ilusión, e con ganas de traballar por transformar

esta vila, afirma a candiata.

“Cremos que outro modelo de vila é posible. Vimos a facer unha política seria e honesta, unha política na que os nosos vecinos sexan os protagonistas do noso traballo. O noso obxectivo é recuperar Salvaterra para eles e estamos convencidos de que este 26 de maio podemos logralo”

Concerto de La Casa de los Ingleses no Día Movemento Viño DO

O vindeiro 11 de maio, sábado, celébrase o Día Movemento Viño D.O. en Salvaterra de Miño. Á unha do mediodía actuará o grupo pop La Casa de los Ingleses na Praza do Castelo, e os asistentes están invitados a unha copa de Denominación de Orixe Rías Baixas.



Día das Letras en Salvaterra

A Praza do Concello será o epicentro das diferentes actividades que se desenvolverán durante a tarde noite do xoves 16 de maio. Arranca-

remos as 17.00h con xogos infantís e ás 18.30 teremos teatro infantil con obradoiro incluído. Pecharemos a xornada cun concerto das Banda de Música de

Salvaterra en colaboración cos Orfeóns coro Tradicional Tirapuxa de Trasmaño e o Orfeón Popular O Coto do Carballal, a partires das 22.00h.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Abre o aparcamento público de “Granitos” con 63 prazas iniciais que serán ampliadas ao dobre

O concello de Ponteareas informa que desde o día 4 da maio esta aberta a zona de aparcamento público de balde ubicada na parcela de Granitos de Galicia e Aceros del Tea.

Logo de realizar os pertinentes traballos de limpeza e desbroce da parcela, de mellora do pavimento, de delimitar perimetralmente a zona de aparcamento, do pintado das

prazas de estacionamento e da instalación de iluminación quedará aberto o parking con 61 prazas, dúas delas para persoas con mobilidade reducida e catro para motocicletas. O aparcamento ampliarase proximamente duplicando o número de prazas iniciais.

Este novo equipamento é unha realidade tras lograr o Concello a cesión de 7.300 m² do solar das empresas, que pa-

sará a ser propiedade municipal no intre da aprobación do PXOM. A cesión inclúe o antigo edificio de Aceros del Tea.

Esta actuación, segundo o alcalde Xosé Represas, “axudará a desconxestionar o centro de Ponteareas ofrecendo unha alternativa de estacionamento nun lugar estratéxico”. Pola súa parte, a tenente de alcalde, Chus Garrote, lembrou que no futuro o espazo poderá albergar



un aparcamento soterrado e, destinándose o edificio de Aceros a superficie, zonas verdes, ros a uso público”.

Esquerda Unida presenta unha candidatura integradora e comprometida

Esquerda Unida presentárase en Ponteareas, nestas eleccións municipais de 2019, dentro da coalición Son-En Común, da que forman parte, aparte de EU, Podemos e Anova.

A candidatura de EU, encabezada por Lino Costas e Patricia Pardo, está formada tanto por persoas militantes da organización como por persoas procedentes dos movementos sociais do concello, recuperando deste xeito a idea orixinal de EU como movemento político social máis que como un partido tradicional. Esta candidatura agradece o tremendo apoio mostrado nas eleccións xerais, onde se posicionaron como terceira forza

en todo o municipio, e segunda forza na vila.

Deste xeito, Esquerda Unida presenta unha candidatura formada por persoas procedentes de distintos espazos pero co propósito común de traballar pola mellora das condicións de vida das persoas e o respecto ao entorno. Unha candidatura que pulará pola recuperación dos servizos públicos privatizados como o da xestión da auga, pola democratización da xestión municipal, pola potenciación dos sectores produtivos locais, pola protección das persoas que se atopan en dificultades económicas, pola igualdade real entre mulleres e homes e pola mellora da situación me-



dioambiental. En definitiva, unha candidatura co firme compromiso de mellorar as condicións de vida das mulleres e homes do Concello de Ponteareas.

Tras Lino Costas, Patricia

Pardo, Manoel Ucha e Eva Quesada, a lista segue coas activistas sociais, Chema Fernández, Saínza González, Pablo Fernández e Vanesa Martínez. A candidatura complétase con xente pertencente a colectivos

sociais, cun gran número de independentes que se achegaron a EU grazas ao traballo honesto e fiel aos principios de solidariedade, defensa da clase traballadora, feminismo e medio ambiente.

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

O Goberno local afronta a fase final do PXOM adaptado ás esixencias da Xunta

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, convocará nos vindeiros días aos grupos políticos a unha comisión informativa na que se abordará o PXOM adaptado ás esixencias da Xunta de Galicia como paso previo a súa aprobación. Con esta convocatoria o goberno municipal enfila a fase final do PXOM para lograr a aceptación e aprobación definitiva por parte da Xunta.

En febreiro de 2016 o Pleno resolveu as alegacións presentadas polos cidadáns e aprobou provisionalmente o PXOM que se remitiu á Xunta para a súa aprobación. Tras un ano de espera a a decisión da administración autonómica decidiu en 2017 rexeitar o Plan aprobado no Concello esixindo cambios profundos e relevantes. A decisión da Xunta

obligou ao equipo redactor do Plan, a empresa GOC, a realizar unha revisión total do documento que foi entregada no Concello en novembro de 2018. O goberno local decidiu entón expoñelo publicamente para revisar e corrixir erros técnicos. Segundo explica a tenente de alcalde e concelleira de Urbanismo, Chus Garrote, dita revisión foi realizada polos técnicos municipais que atenderon á cidadanía nas 87 citas a particulares e 21 citas cos representantes das parroquias, recibindo nalgún caso a tres colectivos por parroquia, isto deu como resultado 49 solicitudes de correccións que foron trasladadas ao equipo redactor para o seu estudo por se se tratase dun erro. Ademais, de 120 peticións que non concretan ningunha problemática. Nos últimos meses

o goberno local convocou aos colectivos de todas as parroquias a reunións técnicas para informalos dos cambios realizados por imposición da Xunta.

Segundo o goberno local "o traballo está na fase final seguindo as directrices da administración autonómica cumprindo as súas esixencias, polo que agora toca analizar toda a documentación para a aprobación do PXOM, enviálo á Xunta e que esta o aprobe de forma definitiva nos tres meses que lle concede a Lei". Os responsables municipais son optimistas: "non hai dúbida de que agora por fin



teremos plan despois de 17 anos. A Xunta xa non terá excusas para rexeitalo, está feito como esixiron e para Ponteareas é mellor ter este PXOM, aínda que non sexa o que máis nos gustaría, que seguir sen un Plan Urbanístico".

O goberno avanza para regularizar o uso dos espazos públicos na urbanización "Ponteareas cidade"

O goberno de Ponteareas trasladará nos vindeiros días aos representantes das comunidades de propietarios "Ponteareas cidade" o borrador do convenio urbanístico para a regularización dos dereitos e obrigas das partes.

Por vez primeira dende a construción desta urbanización e máis de vinte e cinco anos despois, promotor, propietarios e concello terán un convenio que especificará as responsabilidades en canto ao uso e mantemento dos diferentes elementos.

Facultada nas escrituras de división horizontal, a promotora cederá, logo de ter todas as medicións definitivas e documentos técnicos, aproximadamente máis de cinco metros cadrados ao concello para zonas libres de espacemento en superficie.

O informe xurídico aclara, e así amosa o convenio, que non recibe nin os soportais nin o subsolo nin o voo das edificacións ao ser propiedade privada en común da urbanización.

Nesta proposta de convenio establécese que o concello realizará en superficie as tarefas de mantemento propias do uso público do parque infantil, da praza pública e da zona axardinada, comprometéndose a conservar en bo estado o firme e repoñelo se fose preciso. O Concello tamén realizará o mantemento e reparación das arquetas que haia de servizos públicos, como o de alumeado ou abastecemento de auga ou evacuación de augas residuais, entre outros subministros nos tramos comprendidos na zona de uso público, sempre e cando se atopen en superficie.

Tamén se fará cargo o Concello dos elementos auxiliares de seguridade se foran precisos e do mobiliario urbano.

Pola súa parte os promotores ou propietarios terán que conservar os elementos estruturais do edificio (frente das fachadas e teitos dos soportais) e manter as redes de infraestruturas de saneamento e evacuación de augas pluviais e residuais ata a súa conexión coa rede xeral.

"Por vez primeira poremos solución a unha problemática que non estaba regulada ao carecer durante todos estes danos de documentación de recepción destes espazos nin acordos co promotor nin coa comunidade de propietarios".

Pola súa parte o goberno adianta que tamén está en vías de solución problemáticas similares noutras urbanizacións e zonas de Ponteareas.

Éxito das mulleres de Ponteareas no xadrez

A xogadora de xadrez Yudania Hernández Estévez disputou dende o 11 ata o 22 de abril en Antalya, Turquía, o campionato de Europa feminino de xadrez, como representante da selección española.

Yudania, veciña de Ponteareas, é varias veces campiona de España de Xadrez tanto en categoría individual absoluta como por equipos. Ademais, é profesora e adestradora no Club Xadrez Ramiro Sabell de Ponteareas que onte da man da xogadora Antía Reboredo Barrosa acadou o primeiro posto no campionato galego de xadrez na categoría sub 8 anos que se celebrou en Padrón.

Dende hai xa seis edicións, Yudania é a directora do torneo de xadrez escolar, incluído no torneo galego de promoción deste deporte que terá lugar en Ponteareas o vindeiro



A axedrecista Yudania Hernández.



Antía Reboredo no alto do podio.

17 de maio coincidindo coa celebración do día das Letras Galegas.

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Ponteareas reafirma o seu compromiso coa Asociación Galega de Celíacos

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Benestar Social, Igualdade e Mocidade, Verónica Carrera, asinaron hoxe o convenio de colaboración coa Asociación Galega de Celíacos (ACEGA) reiterando, un ano máis, o seu compromiso con estas familias.

Con este convenio, o concello comprométese a incluír alimentos sen gluten nas actividades deportivas, culturais ou sociais organizadas polo concello ou que contén coa súa colaboración.

Así mesmo, o concello disporá de alimentos aptos para



celíacos en distintos servizos municipais para que, con formación ao persoal, teñan os coñecementos necesarios sobre a enfermidade celíaca e saiban atender axeitadamente aos usuarios con intolerancia per-

manente ao gluten.

Ademais, a concellería que dirixe Verónica Carrera tamén realizará campañas de sensibilización entre a poboación e programará accións de información para a hostalaría local.

Villar denuncia o falseo das contas coa ocultación de facturas por 1,6 millóns

A voceira e candidata do PP, Belén Villar, denunciou que máis de 500 facturas que entraron no rexistro do Concello de Ponteareas no ano 2018 foron ocultadas para cadrar as contas e obter un exercicio positivo.

Villar explicou que con este "maquillaxe de contas" o tripartito conseguiu un superávit ficticio o que lle posibilita facer un gasto en inversións neste ano 2019. "Falseou as contas para que o exercicio fora positivo. Non contabilizou ese 1,6 millóns de euros referentes a facturas, a pesar de que foron rexistradas no ano 2018. Isto significa que os 800.000 euros de desequilibrio económico que denunciámos cando se aprobou o orzamento de 2018 que se ía producir, agora é aínda superior chegando ata os 1,6 millóns de euros. Aumenta a débeda creando un grave prexuício



económico a este Concello".

As facturas e as obrigas do 2018 estanse a contabilizar no ano 2019 mediante decretos do alcalde. Estas facturas supoñen un incremento do gasto dun 10%, incumprindo coa Lei de Estabilidade Orzamentaria que só permite un 2,4%

O PP decidiu presentar unha moción ao pleno para instar ao alcalde a que explique estas graves irregularidades e que a corporación decida se os ex-

pedientes son enviados ao Consello de Contas.

"O alcalde non pode xustificarse no seu descoñecemento, é cómplice destas irregularidades e se non é así votará a favor de que se revisen as contas".

O PP lamenta estas actuacións que deixan hipotecadas a corporacións futuras "Se gobernamos imos ter que enfrentarnos a este grave desequilibrio económico".

Auxiliares de policía local poñen denuncias de tráfico

Superando todas as trabas posibles postas polo goberno local, Alternativa de Ponteareas (ACIP) tivo que recurrir ao secretario Municipal que recoñeceu os dereitos do Partido para ter acceso ao informe da empresa recaudadora das sancións impostas pola Policía Municipal en 2018.

E os datos confirman as sospeitas do Partido de que o aumento da recadación respecto ao ano 2017 é alarmante e abusivo. En 1017 a Policía impuxo 1.329 sancións; en 2018 pasou a 1878; un total de 549 máis. Causa que non ocorreu en ningún dos outros concellos da zona

Quizais parte da resposta estea na recadación total por esta vía. Se en 2017 o concello ingresou por sancións un total de 127.559,63 euros,

o pasado ano a cifra incrementouse ata os 167.887 euros, "destacando", insiste o candidato á alcaldía por ACIP; a maiores a empresa recadadora advirte que aínda lle queda por cobrar o importe do 15% das sancións de 2018. O que nos leva a un incremento superior ao 30%. Incremento que, declara ACIP, non está xustificado".

Este Partido insiste na irregularidade de moitas das multas impostas por Auxiliares de Policía. A lei non lles autoriza se non van acompañados dun funcionario da Policía Local. En Ponteareas isto non ocorre. Os veciños comprobamos como os auxiliares patrullan en solitario, mesmo pola noite, co uniforme da Policía Local, cousa que non poden facer, nin conducir vehículos policiais.

A arte floral de Ponteareas luce na cidade lusa de Braga



Ponteareas leva a súa arte floral á cidade de Braga por segundo ano consecutivo. O goberno de Ponteareas en colaboración cos alfombristas agasallou unha alfombra floral de sete metros de diámetro ao concello de Braga para lucir nun dos tramos máis concurridos da procesión de

Semana Santa.

A alfombra realizada é unha mostra das emblemáticas alfombras que se realizan na Praza Maior.

Ademais, a concellería de Cultura, que dirixe Hortensia Bautista, promocionou nesta cidade lusa a segunda edición de Ponte a Portu-Gal que tivo lugar do 25 ao 27 de abril.

PONTEAREAS

Ponteareas compra parte do edificio da Seguridade Social para destinar á creación de empresas e emprego

Trátase de dous andares de preto de 300 metros cadrados en pleno centro urbano

O Alcalde de Ponteareas asinou a compra do segundo e do terceiro andar do edificio da Seguridade Social na praza Maior. A operación, segundo Xosé Represas e Chus Garrote “simboliza a nova situación económica do Concello pois había décadas que, como consecuencia da ruina e bancarrota da administración municipal, non se adquirían propiedades”. Esta adquisición únese á recente compra dun inmovble en Pías para casa cultural.



As dúas plantas do edificio destinaranse a novos servizos para os cidadáns. A previsión do goberno municipal é aproveitar os fondos europeos de desenvolvemento rexional para acondicionar as novas instalacións e adicalas á promoción de emprego e de negocios para potenciar a economía lo-

cal, apoiar aos emprendedores con iniciativas empresariais e ás pequenas e medianas empresas. Entre outros servizos contéplanse un smart lab e un espazo para o coworking, oficinas compartidas para autónomos ou empresarios, ofrecendo aos emprendedores un espazo tecnoloxicamente efi-

ciente, así como a ubicación do centro de asesoramento SmartPeme

“Trátase de ofrecer espazos nos que poder traballar, nos que poder interactuar tendo acceso ás últimas tecnoloxías que nos fagan competitivos. Axudamos así a que a mocidade e os emprendedores atopen un lugar para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais e de emprego e contribuir así a xerar máis riqueza e oportunidades de traballo en Ponteareas”, explican Garrote e Represas, engadindo ademais que con esta iniciativa darase moita máis vida ao entorno da Praza Maior.

O goberno prevé abrir un proceso de participación sobre o modo de xestión do espazo.

Mocidade Viva ofreceu un obradoiro de robótica



A concellería de Benestar Social, Igualdade e Mocidade, que dirixe Verónica Carrera ofreceu un obradoiro de iniciación á robótica e programación os días 15, 16 e 17 de abril.

Este obradoiro estivo dirixido a mozos e mozas de secundaria e bachelato e ofertáronse quince prazas totalmente de balde.

Esta actividade forma parte do programa específico para os mozos e mozas de Ponteareas, “Mocidade Viva”.

Aprobado no pleno o proxecto de reforma da Praza Bugallal

O goberno prevé a realización da obra despois de Corpus

O goberno de Ponteareas aproba no pleno o proxecto de intervención na praza Bugallal e a súa contorna. Un proxecto que contempla unha actuación integral que perdure no tempo realizando actuacións non só

estéticas e de distribución do espazo se non tamén de canalización de subministros e de servizos de saneamento.

As obras da praza Bugallal serán licitadas en canto se reciba a autorización da xefatura territorial da consellería de Cultura e Turismo que xa ten dende o mes de febreiro os informes técnicos e o proxecto definitivo e executadas unha vez pase a

festividade do Corpus.

Logo dun proceso de participación no que se estudou detalladamente o proxecto coa veciñanza, parroquia, alfombristas e comerciantes, realizáronse modificacións no proxecto inicial que satisfan todas as necesidades e permiten unha actuación máis eficaz.

Nestes meses tamén se realizaron catas para analizar o



subsolo de xeito que o proxecto tamén contempla todas as actuacións necesarias como conducións de saneamento, augas pluviais e demais servizos soterrados para que unha vez feita a obra non se precise acceder en moitos anos.

A reforma da praza Bugallal

contempla a canalización e ocultación de cableado e tubaxes dos diferentes subministros.

A obra terá un custo de 770.000 euros e conta con financiación da Unión Europea, dentro da estratexia “Ponteareas, hábitat saudable”.



Comunidades, Colexios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavadeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel/Fax 986 66 15 41



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas homenaxea ao mestre gaiteiro Henrique Otero

A concellería de Ensino e Participación Cidadá, que dirixe Cristina Fernández, convida a todas as familias a desfrutar do memorial Henrique Otero, unha homenaxe a este mestre gaiteiro que foi o primeiro profesor de Gaita dos Conservatorios de Galicia a finais dos 70, iniciando a súa docencia no Conservatorio de Vigo de forma oficial aló polo ano 1978 cando o Ministerio de Educación aprobou a implantación da especialidade despois de él mesmo loitar coa Administración. No Conservatorio de Ponteareas polos datos que temos, parece que



tamén foi o primeiro profesor de gaita no ano 85/86.

O sábado 4 de maio ás 20:30 horas o auditorio municipal Reveriano Soutullo acollerá esta sentida homenaxe organizada polo conser-

vatorio municipal e que nos ofrecerá un percorrido biográfico pola figura deste mestre gaiteiro a cargo de Charo Guerrero, estudosa desta salientable figura.

A continuación o alumnado do conservatorio de Ponteareas e Torroso (Mos) interpretarán "Abrente no mar de Vigo", ao ser o mar a temática preferida de Henrique Otero.

Seguirá a actuación da banda de gaitas Raigames, gaiteiros e gaiteras que nos anos 80 foron alumnos de Henrique Otero e que hoxe se xuntan cada vez que homenaxean a figura do seu mestre. Pechará a homenaxe a banda de gaitas Tremiñado.

Novo vehículo para o servizo da Policía Local




A concellería de Seguridade Cidadá, que dirixe Vanesa Fernández, adquire un novo vehículo modelo Renault Megane para o servizo da Policía Local cun custe de 18.100€ financiados con fondos propios.


Vanesa Fernández explica que os vehículos da Policía presentan un alto desgaste e deben estar sempre activos. "Ao non recibir ningún coche da Xunta

de Galicia dende hai seis anos, a concellería tivo que mercar un novo vehículo para garantir o bo desenvolvemento do servizo policial". Fernández insiste na necesidade de ofrecer as mellores ferramentas e formación para que a cidadanía reciba o mellor servizo.


Este novo vehículo súmase ás dúas motos e aos catro coches da flota da que dispón a Policía Local de Ponteareas.



**Asociación Cultural-Deportiva
Fogar de Breogán**
Lira - Sabaderra de Miño



Comunidade de Montes
V.M.C. de Lira

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

CASA CULTURAL DE LIRA

17 DE MAIO 2019

O ACTO DARÁ COMEZO AS 18H


Este ano en homenaxe a:

D. ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS


Conferencia sobre a vida e obra do escritor,
a cargo de D. Francisco Alvar Carrasco.

Actuacións


- Coral Polifónica
"FOGAR DE BREOGÁN"
de Lira
- Grupo
"VAI DE BAILE"
de Lira



Antón Fraguas
19 de maio de 1928 - 17 de maio de 2018



Francisco Alvar Carrasco





VAI DE BAILE
ASOCIACIÓN CULTURAL

I TRAIL
3 RIOS
ARBO

PONTEVEDRA

TRAIL LONGO:
26 Km + 1.100 m

TRAIL CURTO:
16 Km + 550 m

9/6/2019

PATROCINA:



PAZO PONDAL

ORGANIZA:



RIOS TRAIL



Dirca de Lira

Por Guillermo Rodríguez

Xosé Represas Giráldez, alcalde e candidato polo BNG á alcaldía de Pontearas

“Non contemplamos a opción de cobrar por aparcar”

Xosé Represas Giráldez. Natural de Xinzo e veciño de Pontearas. Diplomado en Empresariais pola Universidade de Vigo e prexubilado de banca. Alcalde de Pontearas dende 2015. Foi

directivo da Comunidade de Montes de Xinzo e do seu Centro Cultural. Tamén foi Presidente da Asociación Forestal de Galicia. Concelleiro do BNG dende 2009 e Portavoz Municipal.

-Vde. xa era concelleiro cando chegou á Alcaldía. Comprobou se todo o que esixía ao Goberno daquela era factible fora concedido ou decatouse que non é o mesmo estar na Oposición que no Goberno?

Era plenamente consciente da situación do Concello e por así decilo “dónde me metía”. Estando na oposición sempre reclamei o que era unha obriga do Concello e factible realizar, poñíame na situación de facelo si estivera no goberno por iso a xestión de goberno que fago é coherente co que demandaba estando na oposición.

-Parece que as finanzas do Concello están máis ou menos equilibradas. O PP., que gobernaba antes, di que cando deixaron o Goberno Local quedaban a punto de rematar coas débedas xa históricas, Vde., pola contra, ven afirmando que non era así. Que diferenza existe entre as amortizacións do último goberno do PP e o actual? E que diferenza de ingresos tivo o Concello entre eses dous períodos de tempo?

Os ingresos ordinarios polas impostos e taxas dos veciños foron similares porque nestes 4 anos non subimos ningún imposto, ao contrario incluso baixamos algúns como o de obras e construción cunha redución do 43% .

O último goberno do PP non tomou ningunha decisión para reducir débedas. A amortización foi obrigada cando o Estado interviu o Concello a finais de

2012, a partir daí e ata xuño de 2015 a débeda rebaixouse en 6,5 millóns de euros con ese diñeiro que embargou o Estado. No goberno actual pagamos máis de 10,1 millóns de euros de débedas atrasadas segundo os datos da contabilidade municipal

-Cando o Goberno Central ofertou unha solución para poñer as contas do concello ao día, o famoso Plan de Estabilización, en Pontearas non foi posible porque a Oposición (daquela o seu partido formaba parte dela) non lle deu o Vº e Prace a proposta do goberno local, nas mans do PP.. Pensa hoxe, logo de estar no Goberno, que foi unha decisión responsable?

Non é certo o que afirma na pregunta. Foi o propio goberno do PP no Estado, o que rexeitou o plan de axuste que aprobaran PP e independentes en xuño de 2012 e de aí ven o embargo dos ingresos do Concello por parte do Ministerio de Facenda para pagar as débedas atrasadas.

-Hai un tema local que non acabamos de ver rematado: o Plano Xeral de Ordenación Urbana (PXOU). Cando Vde. estaba na Oposición reclamaba ao goberno daquela unha rápida solución; sen embargo agora comprobamos como despois de que vde. estea a fronte do goberno nos últimos catro anos o problema segue sen estar resolto. A quen lle teñen que botar a culpa os veciños?

O goberno que presido fixo en catro anos o que non fixo o PP en doce anos. Hai que ter en conta que a Xunta suspendeu o planeamento de Pontearas en xuño de 2002 e en abril de 2003, Nava Castro como alcaldesa asinou o contrato coa empresa que tramita o Plan. En febreiro de 2016, só sete meses despois de asumir o cargo de Alcalde, aprobamos no Pleno, co máximo consenso, o último trámite que lle corresponde ao Concello, a APROBACIÓN PROVISORIAL do Plan, pero a aprobación DEFINITIVA é responsabilidade da Xunta, teñen a última palabra. E así en 2017 a Xunta rexeitou o plan que quería Pontearas e houbo que refacelo por completo. En novembro de 2018 a empresa contratada xa en 2003 para o Plan, entregou o novo documento esixido pola Xunta. Agora estanse corrixindo os erros detectado para levalo a Pleno antes de remitilo de novo a Xunta.

-Outro tema sen resolver é o IBI. Vdes. na Oposición esixían que se baixara, pero logo no Poder non o fixeron. Din que é por culpa de non ter o PXOU aprobado. Sen embargo entendemos que o Goberno se quere ten marxe para rebaixalo aínda sen o Plano de Urbanismo aprobado. É así ou estamos errados? Díganos en que, de estar nun erro?

Está errada a pregunta. O IBI ou contribución que pagamos sae de multiplicar o valor catastral das propiedades, valor



que fixa o Catastro polo tipo impositivo que aproba o Concello. Pontearas xa está no tipo máis baixo que pode fixar o Concello, o 0,40%. O problema de Pontearas co IBI foi a elevada valoración catastral realizada en 2009 por PP e Independentes. O goberno que presido o que fixo foi solicitar do Catastro a rebaixa deses valores e así se fixo en 2017 rebaixando todos os valores un 10%, o máximo permitido. Só 5 concellos galegos solicitaron esa rebaixa de valores catastrais e Pontearas foi a que maior rebaixa aplicou.

-Actualmente o goberno ofrécenos Zona azul para aparcar. En principio parece correcta a decisión, sen embargo deixa de selo cando vemos que parellas de gardas municipais non lle perden olo aos coches por se algún se pasa da hora. Non cre que deba haber unha certa flexibilidade, ou trátase, como di a Oposición, dunha ferra-

menta recadadora?

Non temos ningún interese en recadar máis polo multas de tráfico, esas cifras son pouco significativas no orzamento municipal, o único obxectivo é cumprir a normativa de aparcamento gratuito na zona azul para que sexa útil para o comercio local

-Para ir rematando, díganos cales son os 5 proxectos estrela que non puido dar rematado e cales ten na súa carteira para poñer en marcha se chega novamente á Alcaldía?

Máis de cinco son os proxectos que están agora en marcha, aprobados polo Pleno e con diñeiro comprometido, pendentes unicamente de contratación ou de permisos doutras administracións (Patrimonio, Confederación Hidrográfica, etc.). A previsión é realizar neste ano 2019: A Praza de Bugallal, Rúa Redondela, Alto da Gloria, rúa San Roque, fronte auditorio e praza de abastos,

Continúa na páxina XI...

CONDADO/PARADANTA

Por Guillermo Rodríguez

Roberto Mera , número tres da candidatura do BNG en Ponteareas

"O contexto político actual obríganos a todos a arrimar o ombro"

Roberto Mera é deses muchachos que de moi novo lle picou o bicho da política. Infec-touno de tal maneira que non foi quen de atopar antídoto suficiente para liberarse da infección. Tentouno con gañas pero hai bebedizos dos que resulta difícil liberarse unha vez que recorren as veas e arterias do noso corpo. Iso pasoulle a Roberto Mera. Hoxe vémosto de número tres na candidatura do BNG de Ponteareas, el que foi raiz, sangue e tronco desta opción política na capital do Tea. Podemos pensar que está de volta e xa non aspira ao cumio da política local? Personalmente penso que non. Digamos que está nunha "reentré" suave para que o seu organismo político se vai afacendo. En pouco tempo veremos ao verdadeiro Roberto Mera na súa propia salsa.

Cando era aínda un rapazolo nas lides políticas locais dediqueille un artigo que se titulaba "Quen teme a Roberto Mera". En conversas co histórico alcalde Pepe Castro, confesoume que Roberto Mera fora o mellor e máis preparado contrincante ao que se enfrontara. Estas verbas na boca deste "lobo da política local" non deixa de ser unha alabanza.

1/ Breve curriculum profesional e político.

Veciño de Arcos. Licenciado en Dereito e en Ciencias Políticas e da Administración, exerce como avogado e politólogo. Foi portavoz municipal do BNG (1995-2007), tenente alcalde (2003-2004) e membro da Executiva Nacional do BNG (2005-2009). Foi cofundador e responsable do Grupo Ecoloxista Adenco (1990-1995). É presidente da Casa Cultural de Arcos e secretario da súa Comunidade de Montes. Participa como independente na candidatura do BNG.

2/ Volta a Sorrento!!! Sr. Mera, vde. volta á política local despois de pasar por distintos cargos a nivel nacional. Por qué? Sentía morriña? Ten "fame de Poder"?

En realidade volto á primeira liña da política local tras deixala hai 12 anos. Durante este tempo, aínda que estiven centrado na miña formación e carreira profesional como avogado e politólogo, mantiven o meu compromiso e participei

simbolicamente nas listas do BNG que encabezou Represas. Se agora volto á primeira liña é, en primeiro lugar, porque Represas mo pediu e, en segundo lugar, porque considero que Ponteareas se xoga moitísimo o 26 de maio e a miña presenza no terceiro posto pode axudar a gañar as eleccións e a gobernar con máis eficacia nos vindeiros catro anos. Baixo ningún concepto podemos voltar atrás, aos tempos do Partido Popular que arruinou Ponteareas. A isto debemos engadir que o contexto político actual obríganos a todos a arrimar o ombro: os discursos de extrema dereita, do odio, do machismo ou da xenofobia deben ser combatidos dando un paso ao fronte e renunciando á comodidade de quedar na casa.

3/ Os tempos en que vde. gobernou en Ponteareas (en coalición co PSOE) eran outros moi distintos aos actuais. Que cre vai poder facer agora que daquela era impensable?

Imos poder facer de todo. A diferenza fundamental é que no 2003 o Concello estaba arruinado e tivemos só 11 meses para cambiar as cousas. Foi imposible. Agora, grazas a impecábel xestión de Represas, o Concello quedou saneado, hai enormes recursos económicos para facer realidade todo aquilo co que levamos décadas soñando. Podemos por fin plantearnos prazos para dotar a todo o rural dos servizos básicos, especialmente o saneamento; podemos xa marcarnos o obxectivo de humanizar a vila de Ponteareas; estamos en condicións de mellorar o entorno natural e sanear o Tea e incluso podemos aspirar a impulsar a creación de emprego e a economía local desde o propio Concello. Todo eso era impensábel hai uns anos, agora é posíbel pola gran xestión feita por Represas.

4/ As malas linguas din que vde. non pode estar sen mandar. Que se chega ao goberno é para mandar. De ser así, como non vai ser Al-



calde, xa ten pensado como "obedecer"?

Vostede o dí. Son as malas linguas!!. A realidade é que vou formar parte dun gran equipo presidido por Xosé Represas que ademais de compañeiro de política é un amigo a quen aprecio moitísimo. Quero estar no goberno para aportar todo o que poda ser útil para Represas e para Ponteareas e, polo tanto, estou á súa disposición e ao que el me encomende. Represas demostrou o seu liderádego ao fronte do goberno, actuando con responsabilidade, sensatez, capacidade e diálogo e así seguirá sendo nos vindeiros catro anos. Para min será unha honra facer parte do goberno presidido por Represas. Por outra banda, nós non imos ao Concello a mandar, imos a gobernar contando cos veciños e veciñas, que é algo bastante diferente.

5/ Faga un breve resumo do

que vde. non apoiaría, de estar no goberno, do feito nos últimos tempos e como debería terse feito?

Sería unha falta de respecto e moi inxusto cuestionar o que o goberno fixo nos últimos catro anos sabendo as enormes dificultades que se atoparon, cun concello arruinado e sumido no desastre. Sen dúbida Represas e o seu equipo fixeron o que puideron e seguro que moito máis do que era esixíbel. Quizá por iso, por volcarse en xestionar esa terrible herdanza, se descoidou a comunicación e a información aos cidadáns para que foran coñecedores das dificultades, dos retos e dos logros conseguidos. Nos últimos meses iso corríuse, a información fluíu de maneira eficaz e estou convencido de que os ponteareáns teñen unha valoración moi positiva do alcalde e do seu goberno e revalidarán a súa confianza cun apoio moito máis amplo.

PONTEAREAS

Exitosa Romaría da Picaraña 2019

Unha das tradicións máis antigas e emblemáticas do concello de Ponteareas é a subida ao monte da Picaraña e a posterior romaría in situ no primeiro de maio.

Desde hai varios anos e coa finalidade de recuperala tal e como era antigamente, varias asociacións organizan e planifican con moito entusiasmo e ilusión o evento.

Este ano as actividades comezaron na véspera, na que non faltaron as cámaras da TVG con varias emisións en directo sobre os preparativos, para o programa "Fun polo aire".

Unha das actividades máis agardadas foi o II serán da Picaraña que comezou ás 9 da noite nunha gran carpa. Asistiron varios grupos de música tradicional do Condado coma os da "Casa Cultural de Areas", ou "O Son da Triga" entre outros e tamén de Budiño e Rebordáns. Para animar a festa, a organización ofreceu aos asistentes chocolate e rosquillas agasalladas pola confitería Ancla. Tamén houbo chouripán e viño. Entre peza e peza, fíxose un sorteo de follas de bacalao "Outón" que sempre colabora nesta festa, augardentes, viño e outras cousas. Mentras escoitaban

aos músicos, os asistentes puideron comprobar como era antes a romaría cunha exposición de fotografías datadas nos anos 40 e 50. Nesta ocasión, as comunidades de Montes de Arcos, Ponteareas e Bugarín, presentaron nun plano o proxecto de Parque Forestal que se está levando a cabo coa subvención do concello e da Deputación. Tamén amosaron ao público, imaxes nas que se ilustraban os magníficos traballos feitos no monte comunal nos últimos anos, tales como eliminación de acacia, construción de pozas antilumes, recuperación de roteiros medioambientais, tarefas de vixilancia co voluntariado, etc.

Contamos coa presenza dos máis cativos tamén que fixeron unha acampada co grupo Scout Bosquetea e doutras persoas que quixeron reservar sitio no albergue aceptando as normas impostas pola organización.

Para organizar mellor a subida ao monte, no propio día fixéronse varias andainas dende as parroquias de Prado, Arcos, Bugarín e dende o barrio de Canedo. Tamén houbo subidas a cabalo, en bicicleta e unha quedada popular organizada polos Camiñantes do Condado.

Unha vez na explanada das Chans, preparada polo concello, os asistentes atopáronse con máis de 40 postos de produtos agroecolóxicos, de oficios tradicionais, de antiguedades "vintage" e de gastronomía saudable.

Moitas foron as persoas que se achegaron o 1º de maio ao monte Picaraña. Algunhas levaron comida e outras probaron o polbo, o porco celta, a costela, o pito ou as empanadas que se podían mercar nos postos da romaría. Tamén había xelados, chocolate, filloas,.. Nas mesas de pedra, na carpa da organización, ou no chan, familias e grupos de amigos pasaron un día gozando de actividades como xogos tradicionais, elaboración de maíos ou o roteiro patrimonial e histórico, con grande éxito de asistencia de público.

As asociacións que preparan esta gran festa son: CMVMC de Ponteareas, Arcos e Prado, Asociacións de veciños de Arcos e Canedo, as Casas Culturais de Arcos, Bugarín e Prado, o Grupo Scot Bosquetea e os Camiñantes do Condado. Colaboran a Deputación de Pontevedra, o Concello de Ponteareas e as empresas "Don Disfraz", "Confitería Ancla" e "Bacalao Outón".



...Ven da páxina IX.

Xosé Represas Giráldez, alcalde e candidato polo BNG á alcaldía de Ponteareas

entorno piscina municipal, pavillóns e Centro de saúde ou a rede de calor con biomasa para edificios públicos.

Para os vindeiros 4 anos un obxectivo fundamental é recuperar o Tea para o que xa contamos cos proxectos para nova depuradora e novos colectores xerais de saneamento. Ampliaremos a rede de saneamento no rural para dar servizo a máis de 2.500 veciños. A rede de abastecemento de auga chegará ao 100% da poboación. As obras de humanización

chegarán a outras moitas rúas, destacando a Avenida Castelao. Tamén melloraremos o tráfico e incrementaremos os estacionamentos. Seguiremos xestionando a circunvalación e as melloras na N-120 e crearemos un novo complexo deportivo: seguindo as previsións do PXOM no entorno do Alto da Gloria.

-Para cando un aparcadoiro subterráneo? Non pode poñelo en marcha o Concello con subvencións e cobrando cantidades asequibles aos

cidadáns? Para cando poderemos aparcarnos os coches nos terreos da antiga Fabrica de Aceros el Tea? Non hai máis espazos en carteira para ofertar zonas de aparcadoiro?

O aparcamento de Granitos/Aceros, con máis de 60 prazas, na primeira fase, está aberto dende os primeiros días de maio. Hai outros espazos que se lograrán co PXOM aprobado. Non consideramos as opcións de pago para aparcamentos, pensamos que deben

ser gratuítos e temos contempladas alternativas nese sentido para executar nos vindeiros anos

-Parece obvio que nas vindeiras eleccións municipais ningún partido vai conseguir unha maioría absoluta para gobernar só. De ser así, seguiría gobernando cos socialistas ou prefire un acordo de lexislatura e non de goberno?

Creo que fomos un exemplo de goberno de coalición unido e estable. Aspiramos a incre-

mentar o apoio ao BNG para mellorar a eficacia de xestión noutras áreas.

-Agora que xa probou "o mel do goberno" pensa que se debera establecer un tope máximo de tempo a un Partido para gobernar nun mesmo concello.

A limitación de mandatos debe ser aos cargos políticos; tres mandatos. Doce anos é un bo prazo para demostrar o que se pode facer, ese debería ser o límite de permanencia dun/dunha alcalde/sa

CONDADO/PARADANTA

**31 de abril e 1 de maio**

ROMARÍA DA PICARAÑA:

Serán, música, xantar colectivo, xogos populares, obradoiro de maio ...

3-4-5

III Centro Cultural de Guláns "III Feira dos Mineirais"

Sábado, 4

12:00h Sala Multiusos. Presentación da Colección "CREADORES PONTEAREÁNS". SILVERIO RIVAS, "UNHA VIDA DEDICADA A ESCULTURA"

16:00 H Roteiro "OS XACEMENTOS DE OURO NO RÍO TEA" Saída desde as pontes de S. Roque

17:15 h Saída en autobús desde o Auditorio Municipal ata Ribadetea

19:15 h. Saída dende "A Croa" ata a "III Feira dos mineirais de Guláns".

19:00 h CULTURA 24. Casa Cultural de Bugarín "Mago Margo"

20,30 h Auditorio Municipal . "Memorial Gaiteiro Enrique Otero"

Domingo 5

17:00 h Casa Cultural de San Mateo "Festa dos Maíos ". Actuación de "Ronco & Folk"

18:00 h CULTURA 24. Casa Cultural Arnoso. "Cachosdesketches ." de Q2

17:30 h. Centro Cultural de Xinzo. XXV Festival de Bandas de Música de Xinzo. Estrea de pezas de Antonio Represas García "O Marreco".

19:00 h Auditorio Municipal. Cía Malasombra Producións "Os Rockenstein. (AGADIC)

Mércores 8

Rúas do centro urbano. Parque da Feira Vella, CORRELINGA. Concerto Cantalingua: "Cuarta xusta". Presenta: Ce.Orquestra Pantasma"

Venres 10

18-21 h Feira Vella. Mocidade Viva .Parkour park móvil.

20:00 h Auditorio Municipal. Concerto de Bandas sonoras da Coral e da B. M. Conservatorio .

20:30 h . Salón de Plenos da Casa do Concello Venres d_Letras.. "A casa do paralelo 54" de Iria Collazo

Do 10 ao 17

Auditorio Municipal. Exposición de pintura de Judit Porto e Linet Heredia

Sábado 11

12:00 h Sala Multiuso Programa APEGO Un lugar chamado mundo, da Cía Verdeveras Expresións Artísticas

21:00 h. Cultura 24. Casa Cultural de Moreira "Tremiñado Folk"

Domingo 12

10:30 h Casco Urbano "Carreira Atmosfera Sport 2019"(10 km). Org. Asoc. Dep. Atmosfera Sport

16:30 h. CULTURA 24. Casa cultural Os muíños de Oliveira. Banda da

escola de música da Banda Unión de Guláns.

18:00 h. Circuito Cultural Municipal. Centro Cultural de Cillarga. Grupo de Teatro do Xinzo. "Os trillizos da Socorro" e "Visita ao Xinecólogo"

19:00 h CULTURA 24 Centro Cultural de San Mateo "Mago Marco"

20:00 h CULTURA 24. Centro Cultural de Fozara "Pe de Pote en Concerto"

Mércores 15

11:00 H Auditorio Municipal. Actuación "Tino Baz en concerto"

Xoves 16**LETRAS GALEGAS**

10:00 h. Praza Maior. Confección da alfombra escolar do día das Letras Galegas.

18:00 Rúas centro urbano CE HOME ORQUESTRA e xogos populares

19:00h Praza Maior Ven bailar con... Iniciación ao baile galego

20:00. Charla Antón Fraguas...

21:30. Concerto

Venres 17

11Praza Maior Exposición de maíos

12 Grupo tradicional

18:00h Circo Chosco Riscado o ceo

20:00. Praza Maior Concerto banda de música Reveriano Soutullo

19:00 h. CULTURA 24. Casa Cultural de Prado. Monólogo a cargo de Avelino Gonzalez

19:30 h. Circuito Cultural. Centro Veciñal de Canedo. Grupo Sadeo

20:30 h. CIRCUITO CULTURAL. Casa Cultural de Arcos "Grupo de Teatro Pena do Equilibrio" Obra: "Simplemente persoas"

Sábado 18

19:30 h. CULTURA 24 Centro Cultural de Nogueira. Maxia con Ían e Elisa

Domingo 19

9,30 h. Saída dende o Complexo Deportivo Álvaro Pino da XVI Marcha das rosquillas. Org. ADC Picaraña

19:00 h. CULTURA 24 Casa Cultural de Areas "Contos e historias de Celso Fernández Sanmartín

20:30 h. CULTURA 24. Centro Cultural Antorcha de Cristiñade, Voces do Arrieiro

Sábado 25

20:00 h Auditorio Municipal TEATRO. Obra. " A leituga" Cia: Eme2 Emocións (AGADIC)

31-1 e 2 de xuño**FESTIVAL DE JAZZ****VENRES 31**

De 11 a 14 e de 17 a 19h Auditorio Municipal Máster Class Víctor Prieto. Concerto.

22:00h Paseo Matutino Concerto LAKAZANS.

SÁBADO,1

22:00h BIG BAND XINGRO'S.

23:00h VICTOR PRIETO

DOMINGO,2

21:00h LUCIA MARTINEZ

22:00h. SUMRRA

Inés Vidal entrega os diplomas do curso de “Enxeñaría Ilusionista”

A concelleira de Comercio, Hostalaría e Consumo, Inés Vidal, entregou os primeiros diplomas da iniciativa de formación “Caixa de Ferramentas” dirixida a todos os e as comerciantes, hostaleiros, empresarios e emprendedores de Ponteareas e que se está a ofrecer totalmente de balde ao longo do mes de abril e maio.

O 6 de maio José María de la Torre Maroto baixo o título “A mellor ferramenta para vender” ofrecerá un curso de 16:30 a 20:30 horas con exemplos prácticos de consecución de obxectivos e traballo grupal.

O 24 e 31 de maio Patricia Maquieira asesora de imaxe comercial impartirá o curso “Maxia para vender” de 20 a 22:30 horas con contidos como fidelización de clientes, planificación de marketing, posicionamento de



marca, formación de persoal, coordinación de actividades no punto de venda ou o redeseño do establecemento entre outras temas.

O 27 de maio o avogado Alberto Viejo Puga falará da nova lei de protección de datos de 19:30 a 21:30 horas deixando claro as obrigas cunha metodoloxía práctica moi amena e útil.

Xerar ideas, acadar obxectivos, promover o comercio ou incentivar as vendas son algúns dos propó-

sitos destes cursos nos que os e as interesadas poden inscribirse dende no número de teléfono 682 82 46 05 en horario de 9 a 14 horas.

Organizado e financiado pola concellería de Comercio en colaboración con Banastra que será a encargada da recoller a inscrición, estes cursos serán intensivos impartidos nunha soa tarde para que os asistentes tan só teñan que dispor de media xornada laboral para a súa formación.

As incidencias na vía pública poderán xestionarse a través dunha APP

O Concello de Ponteareas pon en funcionamento a aplicación para a xestión de incidencias municipais encadrada dentro da estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” financiada cos fondos europeos de desenvolvemento rexional.

A nova aplicación de incidencias permitirá á cidadanía transmitir e demandar reparacións e problemas sen ter que achegarse físicamente á ventanilla do rexistro para solicitalo.

A implantación deste software, que xa se testeou de xeito interno, comezou a funcionar o dous de maio para as xestións relacionadas co servizo de recollida de lixo e medio ambiente para ir abríndose nos vindeiros meses a novos servizos. Deste xeito calquera cidadán pode comunicar e adxuntar fotografías das incidencias desta área de xeito totalmente gratuito e inmediato.

Esta APP terá capacidade para xestionar e diferenciar todo tipo



de incidencias (desperfectos na vía pública, vertedoiros, recollida de lixo, desabroches, iluminación, etc.) e irá sendo progresivamente implantada en novas áreas.

Intuitiva e de doado manexo tan só hai que entrar na “app store” ou no “play store” e descargar e instalar “GECOR”, rexistrarse e seleccionar “concello de Ponteareas”

Esta APP, que permite tamén o seguimento da incidencia, inclúe unha aplicación web para a xestión global e unha app móbil para os operarios do concello ou das súas subcontratas coa que xestioar as incidencias e tamén enviar arquivos fotográficos que estarán operativas nunhas semanas.

O Concello presenta un novo volume da colección «Creadores ponteareáns» dedicado ao escultor Silverio Rivas

O pasado 4 de maio foi presentado na Sala Multiusos do Auditorio un novo volume da colección «Creadores Ponteareáns», posta en marcha polo Concello de Ponteareas, coa que se pretende homenaxear ás figuras máis senlleiras da vila e que destacan no eido das artes. Logo do volume dedicado a Alfonso Pexegueiro, este novo tomo céntrase na figura do escultor Silverio Rivas, nado en Ponteareas en 1942.

Silverio Rivas é unha das voces máis interesantes da escultura galega dos últimos anos, e tanto a súa traxectoria artística como o seu traballo

a prol da introdución da abstracción escultórica en Galicia, foron recoñecidos de maneira unánime. Curioso pola investigación dos materiais de traballo, nunca deixou de experimentar novas vías de expresión con eles, dende a madeira ou a cerámica ata o chumbo ou o granito. O xogo coas formas e os espazos achegouno a un construtivismo orgánico, mesmo a estudar en Sargadelos as esculturas articuladas.

A súa traxectoria levouno Vigo, Madrid e París antes de asentarse definitivamente en Páramos (Tui), onde mantén un obradoiro dende o que continúa a traballar. A súa obra



atópase espallada por numerosos museos e coleccións privadas de todo o mundo, así como nalgunhas das principais localidades galegas, que exhiben as súas pezas de gran formato, como é o caso da Porta América, ubicada na praza viguesa do mesmo nome.

O libro parte dun texto re-

alizado polo poeta Xavier Seoane, amigo persoal do escultor, e fai un percorrido pola súa traxectoria vital e artística aprofundando nas distintas etapas que atravesou na súa andaina creativa. Profusamente ilustrado, contén numerosas imaxes das súas principais obras, tanto pequenas pezas coma composi-

cións de gran formato, e inclúe ademais varios anexos cunha pequena mostra do seu traballo pictórico, as exposicións nas que participou, ou algúns dos lugares onde pode ser visto o seu traballo.



CONDADO/PARADANTA

O Alcalde de A Cañiza presentou o libro de Antón Fraguas Fraguas "As Romaxes da Franqueira" no Santuario Mariano

Un interesante e breve relato que Antón Fraguas recolle das historias contadas por Dona Antonia Pérez Estraviz, veciña de Mondariz e que foi coma unha nai para o escritor de Cotobade. A reedición desta pequena alfaia literaria estivo promovida pola editorial Galaxia a través do seu Director Francisco Castro que presentou ao Concello este ilusionante proxecto patrocinado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia.

Anton Fraguas, investigador do patrimonio inmaterial espiritual, outrora chamado fol-

lore e etnógrafo de ideoloxía galeguista, homenaxeado este ano pola RAG, entre outros méritos por reivindicar "a memoria, a cultura e a lingua do pobo galego" destacou principalmente por poñer en valor a cultura espiritual campesiña. As festas e romarías populares, as cantigas, as crenzas e os costumes aparecen nos seus ensaios, recollendo en moitos dos seus escritos a esencia do mundo campesiño. E é neste punto onde entronca coa Cañiza, co seu Santuario máis importante. Coas Romarías de Santa María da Franqueira. Unha das advocacións marianas máis antigas de Galicia. Centro de peregrinaxe e de espiritua-



lidade. Emprazamento visitado tamén por grandes pintores, músicos e intelectuais que dalgún xeito quixeron deixar a súa pegada en cadros, partituras e obras literarias.

O noso gran escritor Ramón Carbanillas foi un deles ao escribir a súa obra "As Romaxes da Franqueira", que recolle en forma de poesía e cántico a

loita dialéctica entre un Príncipe Mouro e un devoto Cristián" e que aínda hoxe represéntase na Romaría do 8 de setembro. Desta obra fíxose eco o noso autor, Autor Fraguas, escribindo "O Conto do Serafín. O Santuario da Franqueira". Conto número 27 dos 29 que compoñen Os Contos do Castromil, unha colección que alá

polos anos 90 do século pasado pretendía achegar ao lector e viaxeiro da liña Castromil, unha das empresas de transporte público máis importantes de Galicia por aquel entón, a unha selección de autores de relato galego.

Este ano, coincidindo co Ano de Antón Fraguas, o Concello da Cañiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Editorial Galaxia, quixo recuperar o conto número 27 dous Contos do Castromil. Un breve e interesante relato para reeditalo en pequeno formato como unha alfaia literaria que a partir de hoxe podes atopar nas instalacións municipais.

O auditorio cheo na Gala da Lamprea



O domingo 21 celebrouse a tradicional Gala da Lamprea no Auditorio de Arbo. Unha homenaxe que estivo amenizada pola música da Banda Infantil de Arbo e a recoñecida cantante e compositora de fado portugués, María do Ceo. Un espectáculo que abarrotou as butacas do auditorio e no que se outorgou o recoñecemento de Arbense Distinguido á Banda de música de Arbo polo importante labor que leva desenvolvendo na localidade durante moitos anos

en favor da cultura de Arbo. Unha agrupación que alcanzou grandes éxitos durante toda a súa carreira e que mesmo chegou a ser a primeira banda de fóra da Comunidade Valenciana en conseguir gañar o certame internacional de Valencia.

Ademais recolleron o seu premio os nenos do C.E.I.P Antonio Carpinteiro que obtiveron premio no concurso de redacción e debuxo. Tamén o fixeron os deseñadores das carteis gañadores tanto do concurso de carteis da LIX

Festa da Lamprea, como dos gañadores do certame Brais Alonso que selecciona o cartel identificativo da Festa da Lamprea Seca. O deporte tamén tivo o seu protagonismo nesta gala coa distinción aos xuvenís do Arbo C.F. que ascenderon de categoría, aos minis do Arbo C.F. por quedar primeiros de liga na súa categoría e á patinadora Iria Groba que se atopa nun momento brillante da súa carreira tras lograr participar no campionatos mundiais desta disciplina.

Máis de 100 nenos na Mini DH Urbán de Mondariz



Celebrouse en Mondariz un Mini DH urbán, dedicado a Borja Gómez Méndez, con máis de 100 nenos inscritos de clubes de toda Galicia.

Estivo presente no evento a Fundación Dani Rivas e tamén Ángel Suárez, biker profesional de DH, corredor do equipo TY MOB que se atopa no Top 10 do ranking

mundial.

Esta é a primeira de oito probas do Mini DH Galicia Series que se disputarán ao longo de catro meses e donde nenos da nosa comunidade e de fora poderán iniciarse no DH.

O evento realizouse grazas ao Concello de Mondariz, ao Club Ciclista Ponteareas e a Sportskids.

AS NEVES

As Neves recupera inmobles educativos

O Concello das Neves concluíra nuns días varias das obras que se impulsaran para recuperar inmobles e outras infraestruturas educativas.

Ao mesmo tempo, avanza, algún xa cun proxecto rematado e financiación, os plans para dispor de novas dotacións.

Escola Unitaria de Rubiós

Remataron as obras na Escola Unitaria de Rubiós que teñen coma obxectivo a mellora deste inmoble para o seu uso como Escola Infantil e tamén por parte da veciñanza da parroquia.

Os traballos acometeron os problemas de humidade do edificio, ademais de colocar illamento térmico nas aulas, un novo lavabo e o cambio do chan.

As obras abrangueron a colocación de fiestra dobre, conservando as xanelas de madeira e colocando unhas novas metálicas corredoiras. Así mesmo, colocase un novo illamento e falso teito na aula principal.

Ao mesmo tempo levouse a cabo a colocación do alumeadado de emerxencia, a colocación de novos radiadores e de novas pantallas LE.

Escola de Taboexa

Na Escola de Taboexa, os traballos afectaron ao acceso



e a entrada e dos baños.

Tamén os traballos consistiron en melloras no patio e a situación dun novo valado de madeira para protección e delimitación da zona de xogos infantís.

Licitación da Escola Infantil

O pasado mes de febreiro, o Goberno local das Neves acadou a aprobación por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da licitación da Escola Infantil.

Esta decisión da cumprimento ao convenio asinado, a principios de 2018, entre o Concello e o Consorcio mediante o cal o Concello das Neves tiña que realizar e pagar o proxecto da escola infantil, como así se fixo; poñer a dispor da administración galega un inmoble municipal, que será a antiga casa do conserxe do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, e achegar unha partida de

75.000€, que representan o 25% do custo total das obras que será de 300.000€.

Colexio das Neves

Do mesmo xeito, e logo dun acordo ao que chegou o Goberno local co delegado da Consellería de Educación do Goberno de Galicia, vaise acometer a substitución das fiestras do Colexio das Neves.

As mesmas non se cambiarán dende a inauguración do centro, hai varias décadas, e a posibilidade de contar, agora, cunha dotación económica necesaria fará que por fin se acometa unha demanda longamente agardada e necesaria.

Tamén no colexio, está en marcha a reposición na súa totalidade do chan dos campos de deporte que están nun estado moi deteriorado. Para garantir a práctica do deporte e a seguridade das e dos estudantes, vaise a cambiar o pavimento colocando un totalmente novo.

O Alcalde das Neves fala na U.E.



O alcalde de As Neves, Xosé M. Rodríguez Méndez, mantivo, como membro dunha delegación galega, encabezada pola eurodeputada do BNG, Ana Miranda, un encontro con Andrew Bianco, Xefe de Gabinete do Comisario de Medio Ambiente, e Yvon Slingenbergh, Directora de Coordinación Política da Dirección Xeral de Cambio Climático, así como con funcionarios das Direccións Xerais de Medio Ambiente, co obxectivo de abordar os problemas do modelo forestal galego, e “en concreto da eucaliptización e o seu impacto nos incendios”.

Primeira vez que un alcalde de As Neves acude á UE

Rodríguez, primeiro alcalde de As Neves que é recibido oficialmente na Unión Europea, valorou positivamente o encontro na Comisión. “Trátase

dun feito salientable, non porque te reciban senón porque hai unha escoita activa e hai gañas de que ocorran cousas arredor dun diagnóstico como o que plantexamos”, comentou, ao tempo que incidiu na necesidade de “volcar completamente a política forestal, facendo que sexa un espazo útil, cunha mirada sensible e construtiva hacia o territorio”.

Na xuntanza, Xosé Manuel Rodríguez explicou as consecuencias vividas no Concello das Neves tras os incendios de 2017, que provocaron a falta de auga durante máis de dous meses en boa parte da localidade, así como a acumulación de cinzas. Criticou, asemade, a actitude da Xunta de Galicia, centrada na culpabilización dos supostos incendiarios e na súa política focalizada na extinción en lugar da prevención.

 **mifollas**

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

 Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Mondariz mellora a mobilidade e seguridade viaria no centro urbano

O Concello de Mondariz esta a desenvolver as obras denominadas de “Mellora de Mobilidade e Seguridade Viaria na Contorna do Centro Urbano e de Equipamentos de Mondariz”, unha actuación coa que o Goberno local da continuidade ao Plan de Mobilidade Urbana Sostible que permitiu as obras de mellora da seguridade Avenida Grupo Escolar, nas inmediacións do CPI Mondariz.

Os traballos suporán unha reordenación nas direccións do tránsito rodado, mellorando tanto os desprazamentos dos vehículos coma as condicións de seguridade dos peóns.

Máis polo miúdo, a rúa Concepción Arenal, que nestes intres conta con beirarrúas dun ancho que oscilan entre os 75 centímetros e 1,10 metros e dobre dirección da circulación a 50km/h, pasará unha rúa de

plataforma única, cun só sentido de circulación a 20 km/h e cun ancho dispoñible para o peón sempre superior aos 3,40 metros. A zona dotarase de arborado e mobiliario de cara a fomentar o seu uso veciñal en detrimento do seu actual carácter que é case que de estrada.

No que atinxe á rúa Merouces, esta divídese en tres treitos ben diferenciados, un da Casa do Concello ao Centro de Saúde, un segundo treito do Centro de Saúde á Baixada de Merouces e terceiro entre a Baixada de Merouces e a Avenida Grupo Escolar. Na primeira parte, ao igual que na rúa Concepción Arenal, optase por unha plataforma única con espazos reservados aos peóns superiores aos 4,50 metros, espazo necesario xa que se trata dunha zona que rexistra unha alta afluencia de usuarios e usuarias tanto do Centro de Día como do Centro

de Saúde e, de cara a mellorar a seguridade, reforzarase a iluminación do paso peonil fronte ao Centro de Saúde.

Doutra banda, o segundo treito –do Centro de Saúde á Baixada de Merouces– procederase á ampliación dunha das beirarrúas ata acadar os 2,50 metros libres para o peón e reducirase o desnivel entre as beirarrúas e a estrada pasando dos actuais 13 cm a 7 cm. Doutra banda, a redución da sección da calzada en 50 cm, favorece a redución da velocidade que pasará dos actuais 50km/h aos 20 km/h. Ademais, no entronque coa baixada de Merouces colocase un redutor de velocidade en forma de paso alzado que conecta os percorridos peonís dos tres eixos que alí conflúen.

Finalmente, no terceiro treito da rúa Merouces, o comprendido entre a Baixada de Merouces e a Avenida Grupo Escolar, e que

comeza no antedito paso de peóns alzado, a rúa será de plataforma única con 3,40 metros de espazo para os peóns ao longo de todo o trazado e pasa, do actual dobre sentido de circulación a 50 km/a, a un único sentido de 20 km/h. Inclúe a obra algún pequeno ámbito verde para evitar o risco de deslizamentos dos peóns nos treitos de maior pendente.

Xa por último, na Avenida Grupo Escolar, no treito comprendido entre a Praza de Merouces e o acceso ao campo de fútbol, mellorarase as condicións de seguridade. De entrada, ampliase a beirarrúa existente ata os 2,50 metros en todo o seu percorrido, delimitándose



un espazo de estacionamento reservado para os autobuses escolares. Na marxe sur, suprimírase o estacionamento e creárase unha senda peonil de ancho variable –entre 90 cm e 3 metros– ao longo da vía. Esta medida obrigará a deixar aos cativos e cativas sempre na marxe do centro de ensino, tanto de vehículos privados como colectivos, reducíndose por tanto o número de nenos e adultos cruzando a vía e diminuíndo considerablemente o risco dun accidente.

Visitas teatralizadas nos castelos de Soutomaior e Sobroso

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, informou da posta en marcha dunha nova edición das visitas teatralizadas nos castelos de Soutomaior e Sobroso. Nesta ocasión serán as personaxes da bufona Burlona, Teresa de Távora e a pantasma Sancha as que “permitirán afondar na historia destes dous recintos históricos de maneira interactiva, innovadora, divertida e estimulante”. A presidenta tamén indicou que o prazo de inscrición para participar nestas actividades, que se celebrarán nos meses de maio e xuño, abrirase o vindeiro luns 29 de abril ás 9:00 horas e pecharase o 9 de maio.

“O interese que esperta esta iniciativa está a ser especular

porque as prazas remátanse en horas”, engadiu Silva. De feito, ofértase case 400 prazas, sendo 80 delas para as visitas a Sobroso e as 300 restantes para Soutomaior. Ademais, o aforo para o primeiro castelo será de 20 persoas por visita mentres que, en Soutomaior, será de 30 persoas. Tamén, a presidenta quixo facer fincapé en que “este tipo de iniciativas promoven a desestacionalización do turismo, posto que estas actividades terán lugar en maio e durante os primeiros días de xuño”, explicou a presidenta. En concreto, celebraranse os días 10, 11 e 12 de maio no Castelo de Sobroso e, no de Soutomaior, serán os días 5, 12, e 19 de maio, e os días 1, 2 e 8 de xuño.

Máis polo miúdo, en Soutomaior será a bufona Burlona a que se encargará de abrir as portas do Castelo. “Presentará a cabaleiras e cabaleiros, cociñeiras e cociñeiros, xograresas e xograres, pantasma e, este ano, a unha nova personaxe: Teresa de Távora”. Trátase da muller de Pedro Madruga, “unha muller que xogou un papel moi activo nos conflitos e alianzas da nobreza galega, ata o punto de recuperar os bens que o Rei de Castela lle retirara a Madruga”.

En Sobroso, a visita correrá ao cargo da pantasma Sancha a través dun xogo de pistas para as familias. “Ela soña con escapar do Castelo pero, para facelo, precisa de tres obxectos que están agochados tras os



muros e historias de Sobroso”, contou Silva. Así, as persoas visitantes que axuden a Sancha a recuperar os seus obxectos, tamén “realizarán unha ruta polos muros da fortificación, coñecerán que personaxes habitaron o castelo e que historias aconteceron no seu recinto e nas súas inmediación”.

Por último, as persoas in-

teresadas nas visitas teatralizadas en Sobroso poderán anotarse a partir do vindeiro luns enviando un correo electrónico a paseapontevedra@gmail.com indicando o nome e apelidos, o DNI e un teléfono de contacto. As que queiran participar nas de Soutomaior, poderán adquirir as entradas en www.castelodesoutomaior.com.